

## Poesía en galego


### Cantares Gallegos

A publicación deste libro marca o inicio do Rexurdimento galego. É un conxunto de 36 poemas de temática diversa, pero cun estilo e un sentimento profundamente popular. A importancia de *Cantares Gallegos* vai máis aló do literario, e a miúdo ten connotacións políticas pola denuncia das pésimas condicións nas que se atopaba a sociedade rural galega, e a reivindicación da lingua galega fronte ao castelán



### Follas novas

*Follas novas* é un poemario en lingua galega de Rosalía de Castro, publicado por vez primeira en 1880. Divídese en cinco partes (*Vaguedás*, *Do íntimo*, *Varia*, *Da terra* e *As viúvas dos vivos* e *as viúvas dos mortos*) de extensión variable.



**É considerada a obra máis rica e profunda de Rosalía. Nel atopamos poemas de denuncia social da marxinação do sexo feminino, dos nenos orfos e dos campesiños, pero tamén outros de tipo intimista.**

## Poesía en castelán

### En las orillas del Sar

Último libro publicado en vida de Rosalía, este libro está integramente en castelán. Foi publicado en 1884.



**NOTA: podedes atopar todo este material na nosas bibliotecas: a *A.L.M Carnota* e a *BIBLIOLAMAS***

# Boletín especial Rosalía de Castro



**Imaxe de Rosalía de Castro.**

Por Luis Sellier. Dominio público . Ficheiro:Rosalia.jpg,  
<https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=3324840>



## 24 febreiro



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



Colaboración de:

Biblioteca Escolar IES Lamas de Castelo e A.L.M. Carnota

# Rosalía

## Breve biografía

Rosalía Castro de Murguía, (de solteira, Rosalía de Castro), foi unha escritora e poeta galega, considerada a máis ilustre da lírica moderna galega e unha das máis altas da poesía española do s.XIX. Foi unha das principais figuras do Rexurdimento literario en Galicia, con Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

A súa vida en datas:

- 24 de febreiro de 1837 : nace en Santiago de Compostela
- 10 de outubro de 1858: casa con Manuel Murguía
- En 1857 publicou o seu primeiro libro, o poemario *La Flor*
- 1863: publícase en Vigo a súa maior obra: *Cantares gallegos*
- 15 de xullo de 1885: falece en Padrón



Dela recomendamos o seguinte material das nosas Bibliotecas:

## Rosalía para os nenos




**Parece unha rosa**, de Rosalía de Castro, ilustrado por Isabel Pintado. Editorial Espiral Maior, 2010.

Esta é unha coidada edición que une a poesía de Rosalía coas fermosas ilustracións de Isabel Pintado, ilustradora madrileña afincada en Galicia.

**Rosalía de Castro. Escolma poética.** Col. Trece lúas. Faktoría K de libros, 2008.

Neste libro, a ilustradora Belén Padrón dálle forma e cor a cada poema da escolma, plasmando coas súas ilustracións a súa visión do imaxinario 'rosaliano'. Imaxes de contido onírico e simbólico, sobre o desamor, a morriña, a beleza da paisaxe, a vida da paisanaxe, as inxustizas sociais, a saudade, o desacougo interior...



**Rosalía cos rapaces.** Escolma comentada por Xosé Filgueira Valverde e ilustrada por Alfredo González. Xunta de Galicia, 1985.

## Libro-disco

**A miña primeira Rosalía**, de Xiana Lastra, Xosé Lastra, e María Manuela. Xerais, 2013.

Edición do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. **A miña primeira Rosalía** é unha homenaxe a Rosalía de Castro, no que atoparemos unha biografía, unha antoloxía poética e doce poemas musicados e cantados nun CD con 12 temas interpretados por María Manuela, Mero, Mini e Xiana Lastra.



**Na lingua que eu falo.** *Najla Shami canta a Rosalía Castro.* de Najla Shami.

Editorial Galaxia, 2013.

Este libro e disco contén unha selección de dez temas nos que figuran sete poemas da autora galega musicados por Najla, dos que algúns en colaboración cos músicos Pedro Pascual, Sérgio Tannus, Narci Rodríguez e Héctor Lorenzo. Inclúe dúas novas composicións con letra en colaboración co poeta Xurxo Nóvoa Martins, máis unha revisión do clásico *Negra Sombra*. Tamén participan Uxía e Davide Salvado en dous dos seus temas

**Nas tardes escuras**, de Narf.

Narf, nome artístico de Fran Pérez, presenta neste traballo o diálogo entre dúas artes e dous artistas: a música e a poesía, o rock máis eléctrico e a esencia poética rosaliana.

Xunto con L.A.R. Legido (batería) e Alberte Rodríguez (baixo), Narf Trío converte en cancións doce coñecidos poemas de Rosalía de Castro, acompañado no libro polas ilustracións en forma de *collage* de Fausto Isorna.

